



DO CARRIL A VILAXOÁN

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018



Distancia: 8 km (lineal)

Dificultade: baixa

PARQUE NACIONAL DAS
ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA



A Illa de Cortegada ten unha superficie de 50 ha. O seu relevo é case chan, coa costa maiormente areosa sobre fondo de rocha. Na súa contorna atópanse os ricos bancos marisqueiros de Carril.

Vilagarcía de Arousa está situada no fondo da ría de Arousa, no esteiro do Ulla. Ten unha costa baixa e recortada, na que se suceden puntas, areais e lameiros nos pequenos esteiros dos regatos que baixan dos montes que a rodean (Xiabre e Lobeira). É unha costa urbana e urbanizada, na que hai uns poucos anos foron rexeneradas as praias, que se pode percorrer por un paseo, a non ser no tramo portuario, entre O Carril e Vilaxoán. As áreas intermareais están ocupadas por bancos marisqueiros e numerosos parques de cultivo de ameixa e berberecho.

PERCORRIDO

Comezamos na área de lecer á saída de Carril cara a Catoira. entrada do **Carril**, desde onde temos boas vistas de **Cortegada** e dos parques de cultivo. Logo seguimos ata o **porto de Carril**, onde paramos para vistar a localidade e o porto e o arranque do areal formado polas **praias do Carril, Compostela e A Cuncha**, que se estende desde O Carril ata o porto de Vilagarcía, pasando á carón do **Parque de Compostela** no que hai algunhas árbores de interese. Continuamos polo paseo deixando atrás os **portos deportivo e comercial de Vilagarcía**, a **punta de Ferrazo**, as **praias de Canelas e do Castelete** e chegamos ao **porto de Vilaxoan**. A ruta segue pola **praia do Preguntoiro**, onde remata o paso acondicionado. Por último saímonos da estrada para achegarnos á **praia das Saíñas** e a **punta do Esteiro**, desde onde podemos ver a **enseada do Rial** e a **punta Borreiro**, límite do concello.



Costa de Bamio ao Carril. No primeiro plano a illa de Cortegada.

As illas de Cortegada, Malveira Grande e Pequena, e os illotes das Briñas, forman parte do **PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**.

O interese desta zona reside nos fondos mariños e no bosque de loureiros da Illa de Cortegada. Os arredores da Illa de Cortegada son unha importante área de marisqueo e cultivo en viveiros, en especial de berberecho e ameixa.

Illa de Cortegada. Contaba cunha poboación estable e con numerosas leiras cultivadas. En setembro de 1907 foi doada ao rei Alfonso XIII para construír unha residencia de verán. Os colonos foron forzados a abandonar as terras. A propiedade foi vendida en 1978 a unha inmobiliaria e na actualidade é de novo de propiedade pública



O Carril, Cortegada e as Malveiras



O Carril





Praia de Carril



Praia de Compostela



Praia e parque de Compostela



Praia de Compostela



Praia da Cuncha



VILAGARCÍA DE AROUSA
A cidade de Vilagarcía é un importante centro de servizos comarcal que conta cun porto de mercadería e ferrocarril. O porto de Vilagarcía é o porto comercial máis importante da Ría de Arousa.





Punta e praia de Canelas

VILAXOÁN



Praia do Castelete



Punta e praia do Preguntoiro



Praia das Saiñas



Punta do Esteiro